



## Os/as mediadores/as

Son persoas neutrais formadas para levar a cabo o proceso de mediación

Durante este curso escolar os/as mediadores/as



Elena Villasenín Seijas 3º



Laura Pato Lama 1ºBach



María Loureiro Hernández 3º



Cristian Grille Blanco 3º



Ana Varela López 3º



Esther Gómez Area 3º



Ana B Fachado Baña 1ºBach




Claudia Otero Domínguez 4º



Alba Arias Rielo 1ºBach



David Rios Pedreira 1ºBach



Alberto Fonte González 3º



Alba Bermúdez Pazos 1ºBach

## HORARIO

De luns a venres nos recreos sempre que se solicite.

## ONDE HAI IMPRESOS ?

- Na caixa de mediación situada na porta da aula de mediación.

- Na páxina web.

-Na conserxería.

## ONDE ENTREGAR OS IMPRESOS ?

- Na caixa de mediación.

- Aos profesores de mediación.

- Ao titor/a.

- No Departamento de Orientación.

Leopoldo Alas Clarín nº4  
15008 A Coruña  
Teléfono: 981-231545  
Fax: 981-232589  
www.iespugaramon.com  
iespugaramon@dicoruna.es

## MEDIACIÓN ESCOLAR

## IES PUGA RAMÓN

## CURSO 2010-2011



# SERVIZO DE MEDIACIÓN

## IES PUGA RAMÓN



### QUE É A MEDIACIÓN

É un proceso no que, de forma voluntaria, a través do diálogo e acompañado de persoas mediadoras, búscanse acordos mutuamente satisfactorios que permitan resolver os conflitos.

Fomenta a actitude dialogante do alumnado cando exista un conflito entre eles .

É un proceso **voluntario**, no que a solución establecerédela vós mesmos, de común acordo.

É un proceso **confidencial**. Nada do tratado comentarase fóra das sesións de mediación

### SERVIZO DE MEDIACIÓN

#### Que é o servizo de mediación?

É un recurso creado para facilitar a resolución de conflitos entre vós.

É un recurso que podedes utilizar todos os alumnos para resolver problemas de convivencia no centro.

É un recurso onde **alumnos formados como mediadores axúdanvos a atopar solucións** aos vosos conflitos.

### HAI UNHAS CONDICIÓNNS PARA ACUDIR ?

Si, hai unhas condicións básicas e imprescindibles, que se teñen que cumprir:

- 1 Querer solucionar o problema e estar disposto a colaborar ca outra parte.
- 2 Estar disposto a dicir a verdade.
- 3 Respectarse mutuamente.
- 4 Manter a confidencialidade

### QUE CONFLICTOS SE TRATAN EN MEDIACIÓN ?

Trátanse a maioría de conflitos xurdidos da relación entre os alumnos e alumnas:

- 1 Facer correr rumores negativos, insultos, alcumes, queixas, malentendidos, ameazas, malas relacións, pelexas, diferencias de opinión, discusións, desacordos, etc.
- 2 Amizades o relacións de compañeirismo deterioradas.
- 3 Persoas que te molestan.
- 4 Situacións que desagradan ou que che parecen injustas

Trala vosa solicitude, os responsables do Servizo de mediación, valorarán se o voso caso é apropiado para a Mediación. Nese caso propoñeránvos os mediadores/as que consideren idóneos considerando no posible as vosas preferencias para que os aceptedes ou solicitedes o seu cambio, establecéndose a data e hora da primeira sesión.

### PROCESO DE MEDIACIÓN

Fase 1:

- Xurde un conflito e decídese solucionarolo voluntariamente a través da mediación.
- Solicítase a mediación.

Fase 2:

- O equipo de mediación analiza a demanda e asigna mediadores.
- Os/as mediadores/as escoitan a cada persoa individualmente.
- Reúnense todos e explícanse as normas da mediación para que funcione.
- Procédese a explorar o conflito.
- Identifícanse os intereses de ambas partes.
- Búscanse solucións alternativas.
- Chégase a un acordo.

Fase 3:

- Os pactos lévanse á práctica.
- Revísanse e valóranse os resultados.
- Péchase a mediación.

**Se queres saber máis sobre o tema ponte en contacto con nós, con calquera membro do equipo de mediación ou visita a web do centro.**